

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA (FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA), PARA O FINANCIAMENTO DUN PROGRAMA ESPECÍFICO DE APOIO SOCIO-EDUCATIVO COMUNITARIO E PREVENCIÓN DA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA NO MEDIO RURAL A PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL RESIDENTES EN GALICIA NO EXERCICIO 2023

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Xuventude ten previsto formalizar coa entidade Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2023. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2023 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Xuventude a través da concesión directa dunha subvención pública do programa específico orientado ao apoio socio-educativo comunitario e a prevención das situacións de dependencia no medio rural para persoas con enfermidade mental en Galicia que Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) ten previsto desenvolver durante o ano 2023

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas orientadas á prevención e promoción da autonomía persoal das persoas con enfermidade mental, desenvolvendo programas co obxectivo de recuperar á persoa e acompañala neste proceso, así como a súa familia e persoas coidadoras, evitando a cronificación desta situación e previndo o desenvolvemento dunha situación de dependencia, especialmente naqueles espazos onde a implantación de servizos e programas específicos é débil, como é o medio rural.

Este programa goza da singularidade precisa para fundamentar a concesión directa da subvención ao abeiro do disposto no artigos 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nos que se prevé a posibilidade de exceptuar o réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.





Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) é a única entidade de iniciativa social de ámbito autonómico que desenvolve, no ámbito da Comunidade Autónoma galega, programas e actuacións para a mellora da calidade de vida das persoas con enfermidade mental e as súas familias e/ou persoas coidadoras, a defensa dos seus dereitos e a representación e defensa do movemento asociativo en Galicia, brindando apoio e coordinación ás asociacións que a integran, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver esa atención. A especialidade deste programa ven dada polas persoas destinatarias, persoas con enfermidade mental residentes nunha contorna rural, para que estas persoas e as súas familias e achegados poidan ser atendidas na súa contorna máis próxima.

Tendo en conta, por unha banda, a especificidade das características da actividade que se vai financiar por razón do colectivo ao que van dirixidas, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude previsto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, na área específica da Dirección Xeral con competencias en materia de persoas con discapacidade, as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, e a exclusividade do programa, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria dixitalmente en Santiago de Compostela

